



Por que innovar?

Innovar de forma constante fainos máis útiles para os nosos clientes. **Confían** na nosa capacidade innovadora para que lles axudemos a resolver os seus desafíos. As **tecnoloxías exponenciais e disruptivas aceleran os cambios en todas as industrias**. A industria conectada (IoT) cada vez desenvólvese máis rápido e non podemos deixar de innovar e avanzar na automatización de novos procesos e na cadea de produción.

Nós podemos **ser competitivos en aplicar novo coñecemento de forma áxil e innovar** nos procesos dixitalizando, conectando, aplicando intelixencia artificial, etc. Os nosos clientes confían en que sigamos desenvolvendo as nosas capacidades innovadoras para solucionar os retos do mercado. O motor da nosa sustentabilidade como peme é facer crecer cada día esta actitude na empresa e ofrecer **novas oportunidades para que o novo talento local** poida desenvolverse en Galicia.



Todo o que hai que saber sobre innovación está nos nosos cadernos, bota un vistazo.



Coñece outras historias de éxito da innovación galega protagonizadas por pemes.

Contacta con nós para poñer en marcha o voso propio proceso innovador.

Programa de impulso á innovación nas pemes

Área de Servizos

Axencia Galega de Innovación

981 957 300

gain@xunta.gal

Rúa Airas Nunes s/n

15702 – Santiago de Compostela

gain@xunta.gal




<http://gain.xunta.gal>

PROGRAMA
**IMPULSO
Á INNOVACIÓN**
nas Pemes

Utingal

“Creamos solucións innovadoras que xeran aforros substanciais e unha maior produtividade,”

En **Utingal** son especialistas en solucións **integrais innovadoras** para os sectores Aeronáutico, Automoción, Defensa e Servizos. Ofrecen o deseño e a execución de proxectos a medida “chave en man” orientado á automatización de proxectos industriais de distinta envergadura co obxectivo de xerar aforros de custos e un incremento da produtividade dos seus clientes. Proporcionan unha gama completa de servizos de enxeñería no campo do control de procesos e a automatización industrial.



UTINGAL


Coñecemento, innovación e talento.

NOME: UTINGAL

LOCALIZACIÓN: TUI,
PONTEVEDRA

INICIO ACTIVIDADE: 1999

SECTOR: UTILLAXES E
BENS DE EQUIPO PARA OS
SECTORES DA AERONÁUTICA,
A AUTOMOCIÓN, DEFENSA E
SERVIZOS



Desde 1999, o equipo de UTINGAL traballa coa tecnoloxía máis avanzada aplicada aos **novos procesos** para acadar a máxima calidade e o incremento da produtividade dos seus clientes.

UTINGAL son especialistas en **enxeñería de procesos** con máis de vinte anos de experiencia. Unha empresa que conta co selo de **Peme Innovadora** ao certificar o seu carácter innovador. O reto fundamental é situar a UTINGAL como unha empresa de alto valor engadido e altas capacidades produtivas e de procesos ante as grandes corporacións, **diferenciándose** delas pola posibilidade de integrar o **máximo número de operacións**.

No 2015 realizaron un investimento orientado a potenciar ao máximo as súas **competencias innovadoras** ampliando as súas instalacións na poboación de Tui e desenvolvendo proxectos de I+D+i para alcanzar a consolidación do mercado aeronáutico. A súa determinación e esforzo deron como resultado a obtención do **certificado NADCAP en COMPOSITES** e entraron a formar parte do selecto grupo de empresas certificadas para o sector aeronáutico.

Este ADN innovador forma parte da cultura da empresa e demostra o portafolio de proxectos de I+D+i e os fondos públicos que obteñen grazas á súa competitividade e a constante capacitación do **talento** do seu equipo.

“Nas grandes empresas invístese en innovación, pero as pequenas e medianas empresas somos as que innovamos e actuamos.”

Un exemplo é o proxecto **FUSELAGE** de tecnoloxías de fabricación automatizada e alta integración de estruturas aeronáuticas avanzadas de fuselaxe. Este proxecto ten como obxectivo a investigación de novos principios de deseño de **arquitecturas disruptivas**, desenvolvemento de materiais e de tecnoloxías innovadoras de procesos produtivos para nunha contorna de industria **conectada**. Mediante o control e monitoraxe en todo momento do proceso que permitirá fabricar unha nova xeración de avións comerciais máis **eco-eficientes**, competitivos, fiables e resistentes.

O equipo de UTINGAL dispón dun alto coñecemento dos procesos produtivos e un **equipo humano** altamente cualificado para poder ofrecer unha **solución completa**. A súa orientación constante é ofrecer valor aos clientes desenvolvendo **solucións integrais** aos desafíos nos que se atopan en sectores industriais como o aeronáutico, automoción ou defensa.

Desde a enxeñería á posta en marcha de todo tipo de instalacións, liñas robotizadas, industrialización de liñas produtivas, equipamento de control, mecanizado de pezas, ou montaxe de estruturas, entre outras **solucións**.



En UTINGAL analízanse as aplicacións das **tecnoloxías exponenciais** na **industria 4.0**. Por iso definiron unha **sistemática de recollida de riscos e oportunidades ambientais** e de análises do **ciclo de vida dos produtos** que fabricar para estudar novas solucións aos problemas e oportunidades. Outra liña de **innovación son os mecanismos en ecodiseño** aplicables aos sectores industriais para os cales traballan.

Ademais, manteñen un **contacto permanente** co mercado e con **asociacións e institucións** nas que **participan activamente como promotora** de estratexias de desenvolvemento.

Como explicou o seu director de I+D+i, Carlos Campos, “nas grandes empresas non se innova. As pequenas empresas podemos actuar como expertos en innovación de deseño e fabricación. Podemos resolver os desafíos dos nosos clientes adaptándonos ás súas necesidades en enxeñería e automatización de procesos e produción”

Carlos Campos insistiu na necesidade de colaboración entre as pemes innovadoras e destacou “non é un tópico que o 80% dos proxectos de I+D+i son en colaboración con outras empresas e institucións”. Segundo este mozo e apaixonado enxeñeiro aeronáutico di que é clave non comportarse como unha empresa hermética senón **buscar alianzas e colaborar con centros tecnológicos** e outras empresas especializadas para sumar os activos de cada unha das partes. A **innovación aberta (Open Innovation)** é un mecanismo moi interesante para as pemes galegas. Segundo explica Carlos Campos Garrido, “en Utingal fai dez anos non eramos capaces de facer nada do que hoxe facemos para o sector aeroespacial. Aprendemos a facelo con outros”.

Utingal é unha excelente inspiración para as pemes que apostan polo coñecemento, a innovación e o talento de Galicia.

